

Fenómenos de contacto entre linguas

Análise de textos

TEXTO 1 (Amin Maalouf)

a) Tema e resumo.

1. Posibilidades de tema

- A necesidade de contemplar todos os valores das linguas
- As linguas como soporte da identidade e do coñecemento
- A relevancia cultural do mantemento das linguas propias
- ...

2. Ideas para o resumo

As linguas non poden ser valoradas só pola súa dimensión comunicativa e cuantitativa, pois tamén responden á necesidade de identidade das comunidades. Obviar esa función e obrigar ao abandono da lingua propia repercute negativamente nos falantes e prende inevitabelmente o conflito. Por iso, a sociedade actual debe apostar pola linguodiversidade e asemade facilitar o achegamento ás comunidades lingüísticas próximas.

b) Comentario

Resposta persoal.

TEXTO 4 (Carme Junyent)

a) Paradoxo

O paradoxo consiste en procurar a mellora mediante o cambio de lingua e sufrir as consecuencias do desapego. Este prodúcese porque non se manteñen os lazos de cohesión coa comunidade de orixe (cousa que si pode facer unha persoa emigrada), senón que existe un rexeitamento daquela. Trátase da pegada psicolóxica típica dos procesos de aculturación con abandono dos patróns propios refugados, que se manifesta en, por exemplo:

- Problemas de integración na comunidade á que se quere acceder e de plena identificación con ela debido ás marcas lingüísticas que se manteñen, á emulación de modelos alleos, á ardua asunción dunha visión do mundo con outros matices, á minusvaloración propia, etc.
- Loita contra as orixes e autoodio: anulación do sotaque ou acento propio, desprezo dos proxenitores ou confrontación emocional, asunción de estereotipos e prexuizos, etc.
- Dificultade para expresar emocións e sentimentos vehiculizados na lingua materna reprimida.

En relación con isto, convén evitar a falacia do abandono da lingua propia como unha decisión persoal libre. É insostíbel afirmar que “cadaquén fala no que quere” nunha situación de conflito lingüístico, na que unha comunidade ten coutado o acceso aos espazos de poder.

Textos complementarios ao respecto:

1. Fragmento (adaptado) de Xesús Alonso Montero: *O que cómpre saber da lingua galega*
É o ano 1910. Un labrego de trinta anos chega coa súa muller a unha cidade galega. Acaba de mercar unha tendiña na que o traballo é máis levadeiro que nas leiras vendidas. Catro anos despois, logo de aforrar uns cartiños, os seus fillos van ir a unha escola de pago na que mestres e alumnos falan o castelán. Razoan isto así: a) O galego non confire

prestixio; b) Falar castelán é meterse no mundo dos mellores; c) Os mellores son aqueles que teñen poder, os que teñen postos altos. Ás veces abonda con ter diñeiro para ter esas cousas. Cos cartos consegue un aparencias.

A familia do noso relato sobe aos poucos ata que ao rematar a guerra o castelán e a economía amosan unha estupenda saúde. Ata os avós empregan o castelán coas visitas. Anos máis tarde, o rapaz estuda na universidade e os pais quedan abraiados cando lles conta que alí hai colegas que falan galego e que vencellan a recuperación do galego á recuperación de Galicia.

2. “Ca, yo no te soy como ellos”, en Suso de Toro: *Círculo*

b) Vantaxes e inconvenientes de ter unha lingua universal.

Resposta persoal. En todo caso:

- O texto debe ter unha estrutura argumentativa.
- Deberían considerarse as perdas para a humanidade (de coñecemento, diversidade, capacidade de adaptación e supervivencia, etc.), a inevitábel opresión e os traumas para as comunidades lingüísticas actuais, a insalvábel dificultade de procura de consenso sobre a lingua común (e da unidade política que esixiría) ou a -así reprimida- tendencia á diferenza cultural fronte a homoxeneización que supón.
- Convén concluír indicando que unha lingua universal no mundo actual é unha quimera e que se procuramos rendibilizar esforzos e entendernos (as persoas e os países), a lingua franca internacional -o inglés- semella que abonda e que mesmo evita conflitos identitarios.

TEXTO 6 (Méndez Ferrín)

Ideas principais

Nas comunidades con linguas en contacto prodúcese diglosia, non bilingüismo.

A diglosia estigmatiza unha lingua como inferior ou con menos valor.

Consecuentemente, os falantes da lingua que se considera inferior tenden a substituíla.

A emisión de vilancicos só en castelán -por parte do Concello de Vigo- acrecenta a diglosia.

O cambio de lingua para citar un texto “sagrado” é unha mostra de diglosia.

Obviouse que o Evanxeo de San Mateo xa está en galego desde 1861.

[As actitudes diglósicas adoitan responder ao descoñecemento/desprezo da cultura propia]